

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 7 DE XANEIRO DO 2014.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e quince minutos do día sete de xaneiro do dous mil catorce, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D^a Berta Pérez Hernández, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar e os concelleiros, D. Rafael Soliño Costas e D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 16, 19 E 27 DE DECEMBRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 16, 19 e 27 de decembro do 2013.

SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E MULLER

2º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/SOLICITUDES DO SERVIZO DE ALOXAMENTO TEMPORAL PARA CASOS DE EMERXENCIA SOCIAL.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 30.12.13, relativa ao Servizo Municipal de Aloxamento Temporal para casos de emerxencia social, que di:

"Con relación ao Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de Emerxencia Social (SAT), achégase proposta correspondente para:

** CONCEDERLLE a Delmar B. R., o Servizo de Aloxamento Temporal con expediente nº X1006104S."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

3º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO S/AUTORIZACIÓNS DE POSTO DE VENDA AMBULANTE.

3.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE.

Vista a proposta de data 27.12.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello con data de 19/12/2013 (entrada nº 14.591), Eugenio Lozano Borja, titular do posto de venda ambulante nº 136, con DNI 53I80855W e domicilio en Rúa Portela nº 46, U 363-36205-Vigo, Pontevedra, solicita un posto de 6 a 8 metros para o día martes, na rama do textil.

Así mesmo, no aludido escrito, o Sr. Eugenio, manifesta que esta solicitude fóra xa realizada (escrito con rexistro de entrada neste concello nº 1241, de 01/02/2013), non obtendo resposta.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I - Como sinala o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Concello de Cangas (B.O.P nº 67, do 8 de abril do 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Tendo en conta esta previsión da ordenanza, e considerando a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercadiño, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polo interesado.

II.- Con relación á falta de resposta da solicitude presentada por o Sr. Eugenio o día 01/02/2013, cabe dicir que neste suposto é de aplicación o previsto no artigo 43.I da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Este precepto establece que se ben o silencio positivo funciona como regra xeral nos

procedementos iniciados a solicitude do interesado, este terá efecto desestimatorio en procedementos como o presente 'cuxa estimación tivera como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou terceiros facultades relativas ao dominio público'. Así, con relación a solicitude presentada polo interesado o día 01/05/2013, esta debe entenderse desestimada por silencio administrativo negativo.

III.- O Órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de 6 a 8 metros para o día martes, presentada o 19/12/2013 por Eugenio Lozano Borja, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización de un posto de venda ambulante.

3.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE.

Vista a proposta de data 27.12.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización da ampliación de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello con data de 10/12/2013 (entrada nº 14114), Raquel Calvar López, titular do posto de venda ambulante número 08, con DNI 531 1735IR e domicilio en Miñán, nº 11, 36914-Marín-Pontevedra, solicita unha ampliación do seu posto en dous metros máis.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Como sinala o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Concello de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Tendo en conta esta previsión da ordenanza, e considerando a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercadillo, conclúese que non é posible autorizar a ampliación do posto solicitada polo interesada.

II.- O Órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de ampliación da superficie do posto nº 08 formulada por Raquel Calvar López, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización da ampliación de un posto de venda ambulante.

3.C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE.

Vista a proposta de data 27.12.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización da ampliación de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello con data de 16/12/2013 (entrada nº 14430), Celestino Campos Montero, titular do posto de

venda ambulante nº 120, con DNI 35433053N e domicilio en Rúa Juan Fuentes, nº 6, 36650-Caldas de Reis-Pontevedra, solicita que se lle concedan 3 metros máis de superficie para ampliar o seu posto, cun espazo autorizado de 7 m²., alegando que hai sitio suficiente e que dende hai moitos anos ven ocupando realmente un espazo de 10 m².

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Como sinala o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Concello de Cangas (B.O.P nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Tendo en conta esta previsión da ordenanza e a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto do mercadiño, conclúese que non é posible autorizar a ampliación do posto solicitada polo interesado.

II.- Por outra banda, considerando as limitacións de espazo existentes na zona destinada á venda ambulante, configúrase como unha obriga ineludible dos titulares dos postos a de ocupar exclusivamente o espazo que teñan destinado (artigo 6.3 da ordenanza), constituíndo unha falta leve e sancionable con multas de entre 50 e 100 euros a conduta consistente en 'aumentar a superficie do posto sen autorización municipal', tal e como se desprende dos artigos 25.2.c) e 26.2 da ordenanza).

III.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

A vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de ampliación de posto formulada por Celestino Campos Montero, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Requirir ao interesado a fin de que adecúe a extensión do seu posto aos 7 m²., que lle foron autorizados polo concello, advertíndolle de que no caso de non atender a este requirimento e de continuar na situación que o motiva, procederase a iniciar os trámites do correspondente procedemento sancionador.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do

16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización da ampliación de un posto de venda ambulante.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

4º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

4.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
RAMIRO CURRA CHAPELA DNI nº 76 832 564 Y	As Gruncheiras, nº 19-Coiro.	As Gruncheiras, nº 19-Coiro. A Policía Local indica que é necesario o pintado de unha liña amarela no lado contrario da rúa para facilitar a manobra de entra e saída de vehículos.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

5º.- INFORME DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
MANUEL ANGEL PARDAVILA PORTAS Pinténs, 23-O Hío.	AVAL	1.225,17 €	EXPEDIENTE NÚM. 21.134
JOSEFA GONZÁLEZ GAGO Camiño Praia de Arneles, 4-B-O Igrexario-O Hío.	FIANZA	434,00 €	EXPEDIENTE NÚM. 22.721

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) ESCRITO DE ANA M^a ESPERATO COUTO S/PRÓRROGA DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE CARRUSEL INFANTIL.

Vista a solicitude presentada en data 3.1.14 por ANA M^a ESPERATO COUTO, viúva de LUIS GARCÍA SILVENT, con enderezo en rúa Condesa, nº 14-3ºN-Barrantes-Ribadumia-Pontevedra, na que demanda prórroga de autorización municipal para a instalación nas inmediacións da Alameda Nova dun carrusel infantil, desde o 16 de xaneiro ata pasar o Antroido-2014.

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 20.6.03, acorda o seguinte:

_____**PRIMEIRO.-** Conceder a prórroga da autorización, que foi aprobada en Xunta de Goberno Local en sesión de data 11.11.13, para a instalación nas inmediacións da Alameda Nova dun carrusel infantil, desde o 16 de xaneiro ata o 10 de marzo do ano 2014.

_____**SEGUNDO.-** Deberá proceder ó aboamento previo das taxas correspondentes por ocupación de dominio público.

B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/TOLDO DO COMERCIO "MERCARROUPA" NA AVDA. MÉNDEZ NÚÑEZ.

Visto o informe emitido en data 1.1.14 pola Policía Local, referente a instalación de toldo do comercio "MERCARROUPA" na Avenida de Méndez Núñez, nº 29, no que se indica o seguinte:

"Que sendo as 14:40 horas do día da data observan como na rúa Méndez Núñez o comercio Mercarroupa, ten o toldo sen recoller e debido ao forte temporal de vento, este, fai efecto vela e móvese ostensiblemente e pode correr perigo de romperse e causar algún dano."

Visto, así mesmo, os acordos da Xunta de Goberno Local de datas 7.1.13, 25.3.13 e 8.4.13, nos que en diversos informes emitidos pola Policía Local, referentes á instalación de toldo do comercio "MERCARROUPA" na Avda. Méndez Núñez, nº 29, se indican que se están a producir reincidencias, xa que non se está a respectar a altura mínima esixida.

Visto, así mesmo, o indicado no apartado B.5) TOLDOS, das Normas Subsidiarias do Concello de Cangas, publicadas no BOP 12.12.94, no que se sinala que as partes penduradas dos toldos librarán un mínimo de 2,10 m2. sobre o plano transitable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11,, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Reiterar a orde, ó propietario do establecemento "MERCAROUA", Francisco Javier Rúa Gayo, con enderezo en Berducedo, nº 45-36.959-Moaña, para que a altura do toldo na súa parte pendurada sexa, como mínimo, de 2,10 m2., sobre a vía pública, debendo recollelo, por seguridade, en días de mal tempo. En caso contrario, procederase a incoar o correspondente expediente sancionador, coa execución subsidiaria do artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a costa do obrigado.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertíndolle que en caso de incumprir a orde sinalada no apartado primeiro, se acordará o correspondente expediente sancionador por infracción administrativa en materia de patrimonio municipal, por incumprimento do indicado nas Normas Subsidiarias Municipais do Concello de Cangas, referente a instalación de toldos na vía pública.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as dezanove horas e trinta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.